



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n.- Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

BASES ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN DE UN XEFE DE BRIGADA DE INCENDIOS.

Primeira: Sistema de selección e obxecto.

O sistema de selección será de concurso- oposición.

O xefe de brigada é o responsable e coordinador do funcionamento da brigada e correspóndelle a coordinación interna da mesma así como a coordinación desta co persoal do Distrito Forestal ao que pertence o concello.

Segunda: Retribucións.

A retribución será de 1.200,00 euros/brutos mes, incluída a prorrata de pagas extras.

Terceira: Requisitos específicos

1. Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: enxeñeiro de montes, enxeñeiro técnico forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.
2. Dispor de carné de conducir B.
3. Ter aboado os dereitos de exame que se establen en **10 euros**, e só serán devoltos a quen non fora admitido/a ao proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos nas presentes bases, isto é unicamente a aqueles aspirantes que resulten excluídos da lista definitiva.

Cuarto: Proceso selectivo.

1ª/ Proba física de esforzo: proba obrigatoria e eliminatória, na que será necesario a superación dunha proba física consistente en subir e baixar a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces/minuto) durante un período de cinco minutos un banco de 40 cm



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n.- Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

de altura para homes e 33 cm de altura para mulleres. Só se permitirá un único intento para superar a proba de aptitude física. Unha vez finalizado ese tempo, a persoa que realizou o exercicio reposará 15 segundos, e unha vez finalizados se lle tomará o pulso (nos pulsos ou no colo, contando as súas pulsacións durante outros quince segundos). A proba se realizará nun local tranquilo, necesitándose unha báscula para obter o peso dos candidatos. Cos datos de peso, idade, e pulsacións, se pasarán as tablas establecidas no anexo III, e determinarase a superación ou non da proba.

Será necesario a calificación de APTO nesta proba para poder continuar no proceso de selección, quedando eliminados do proceso de selección todos aqueles que obteñan a calificación de NO APTO.

2ª/ Concurso de méritos: A puntuación máxima na fase de concurso será de 7 puntos.

A.1.–Experiencia profesional ou servizos prestados, ata un máximo de 3 puntos.

Por servizos prestados en calquera administración, empresa pública, sociedade instrumental ou empresa privada como xefe de brigada ou capataz **en campañas de loita contra o lume**: 0,20 puntos por mes, ata un máximo de 3 puntos.

A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificación expedida polo Secretario do Concello ou Entidade Pública onde se teñan prestado os servizos; para a empresa privada certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado do certificado de empresa no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo. A non presentación de ambos documentos (vida laboral + certificado de empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado. Deberá quedar suficientemente acreditado que se trata de campañas de prevención, vixilancia e loita contra incendios.

Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n.- Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

A.2 Cursos: ata un máximo de 3 puntos

Formación: cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas (neste último caso deberá constar expresamente no título tal homologación para que poidan ser valorados). Só se valorarán os cursos relacionados con prevención e extinción de incendios, manexo de vehículos e maquinaria (ámbolos dous en materia de prevención e extinción de incendios) e prevención de riscos laborais xenéricos ou relacionados directamente co sector obxecto da convocatoria.

- De menos de 20 horas: 0,10 puntos por curso.
- De 20 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.
- De máis de 40 horas: 0,50 puntos por curso.

Os cursos onde non figuren expresamente o número de horas, non serán valorables.

A acreditación dos cursos mediante o correspondente certificado da súa realización expedido pola EGAP, Universidade ou calquera Administración Pública, organismos da administración e institucións públicas ou debidamente homologadas por esta. Non serán obxecto de avaliación os certificados expedidos por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada.

A.3: Permisos de conducir: máximo 1 punto.

Por estar en posesión do permiso de conducir BTP: 1 punto.

Acreditarase mediante copia do permiso en vigor. No caso de estar en posesión de máis de un tipo de permiso so se valorará o de maior puntuación.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n.- Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

3ª/ Entrevista persoal: ata un máximo de 2,5 puntos. Realizarase unha entrevista para determinar a idoneidade da persoa candidata. Esta entrevista será para valorar o currículo da persoa candidata, así como para valorar o coñecemento do/a aspirante sobre o posto de traballo, a situación xeográfica e territorial do Concello de Cabana de Bergantiños así como a súa actitude para o traballo en equipo e capacidade de liderazgo.

4ª/Recoñecemento médico: Será necesario tamén a realización dun recoñecemento médico que deberá ter a calificación de APTO para poder continuar no proceso de selección.

Cabana de Bergantiños, 2 de xullo de 2015.



O alcalde

Asdo.: José Muíño Domínguez.